

RESOLUCIÓN POLA QUE SE RECTIFICA A APROBACIÓN DAS LISTAS PREVIAS DEFINITIVAS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL TEMPORAL NA CATEGORÍA PROFESIONAL DE LICENCIADO/A EN DEREITO.

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.– Por Resolución de data 13 de xaneiro de 2026, aprobáronse as listas provisionais de persoas admitidas e excluídas ao proceso para o ingreso nas listas previas na categoría de Licenciatura en Dereito, concedéndose un prazo de 3 días hábiles para a presentación de emendas.

Segundo.– Dentro do citado prazo, D. Martiño Sarmiento Murias con DNI 46****8F, presentou en tempo e forma a documentación necesaria para a emenda dos defectos que motivaran a súa exclusión provisional.

Terceiro.– Por Resolución de 14 de abril de 2026, aprobáronse as listas definitivas de persoas admitidas e excluídas. Non obstante, por un erro material, o citado aspirante figura como excluído polo motivo 22, malia ter emendado correctamente en prazo.

Cuarto.– Posteriormente, por Resolución de 20 de abril de 2026, publicáronse as puntuacións derivadas do baremo de méritos, que foron elevadas a definitivas en data 28 de abril de 2026, e nas que o citado aspirante non figura como consecuencia do erro anteriormente indicado.

En base ao anteriormente exposto RESOLVO

Primeiro.– Rectificar o listado definitivo de persoas Admitidas/Excluídas publicado o 14 de abril de 2026 de maneira que.

Onde di:

D.N.I. ou Eq.	Datos Persoais	Ámbito	Perfil Prof.	Adm./ Excl.[Motivos]
46****8F	SARMIENTO MURIAS, MARTIÑO	A CORUÑA OURENSE AUTONÓMICO	DEREITO ADMINISTRATIVO [Excluído] DEREITO COMUNITARIO [Excluído]	Excluído [22]

Debe dicir:

D.N.I. ou Eq.	Datos Persoais	Ámbito	Perfil Prof.	Adm./ Excl.[Motivos]
46****8F	SARMIENTO MURIAS, MARTIÑO	A CORUÑA OURENSE AUTONÓMICO	DEREITO ADMINISTRATIVO [Admitido] DEREITO COMUNITARIO [Admitido]	Admitido

Segundo.– Rectificar o contido da publicación de 28 de abril de 2026 polo que se aprobaban as listas previas definitivas, no senso de incorporar a D. Martiño

[Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.](#)
Polígono industrial do Tambre, Vía Marconi 14
Santiago de Compostela 15890 A Coruña
T. +34 981 546 127 Fax. +34 881 997 192
www.epseaga.com



Sarmiento Murias, con DNI 46****8F coa puntuación de 0 puntos, nos ámbitos e perfís en que debe figurar admitido.

Terceiro.– Aperturar un período de 3 días hábiles, contados a partir do seguinte o da publicación desta resolución na páxina web de SEAGA, para poder presentar reclamacións contra a mesma. De non haber reclamacións, as listas previas estarán dispoñibles para ser empregadas nos procesos de selección para a contratación de persoal temporal.

As reclamacións poderán ser presentadas:

-nas oficinas de rexistro de SEAGA, sitas no Polígono Industrial do Tambre, Vía Marconi, nº14, 15890 Santiago de Compostela – A Coruña, de luns a xoves, en horario de 9:00h a 14:00h e de 15:30h a 17:00 h e os venres de 09:00h a 14:00h

-de luns a venres, en horario de 9:00h a 14:00 horas, nas oficinas sitas en:

- Polígono do Ceao, Rúa dos Carros, parcela 17, 27003 Lugo.
- Polígono de San Cibrao das Viñas, Sector C, Rúa Ricardo Martín Esperanza (Rúa 1), Parcela 1-G, Nave 3, 32911 San Cibrao das Viñas, Ourense.
- Lgr. Cabanas - Salcedo, 54, 36143 Pontevedra.
- Estrada N. VI, Km. 581, 15640, Guísamo- Bergondo.

- Nas oficinas do Organismo Estatal de Correos mediante correo certificado con acuse de recibo.

- Electrónicamente, desde a sede electrónica da Xunta de Galicia na dirección <https://sede.xunta.gal> empregando o modelo co código PR004A-Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado. En destinatario deberá seleccionar Consellería do Medio Rural e a continuación Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos (SEAGA).

O Director de Administración e Servizos Xerais

Ado: Pablo Arbones Maciñeira

(Na data e hora da sinatura dixital, No exercicio das funcións establecidas nos Estatutos da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.)

